

Normas de cambio de grupos

- ▶ Non existe o cambio de grupo individual, todos os cambios de grupo deberán realizarse mediante permuta, é dicir, mediante intercambio con outro estudante do mesmo curso que:
 - ▶ Estea matriculado nas materias nas que se realiza o cambio de grupo.
 - ▶ Non sexa un alumno de intercambio saínte (alumno que está matriculado, pero realizando o curso noutra universidade).
- ▶ Os cambios de grupo realizaranse **contactando por correo co profesorado das materias afectadas**, non é necesario comunicalo ao coordinador. **A aceptación do cambio non é automática e queda a criterio do profesorado.**
- ▶ Procedemento para o cambio de grupo:
 1. **PASO 1.** Primeiro dous estudantes deberán acordar o intercambio de grupo entre eles.
 2. **PASO 2.** Un dos dous estudantes, engadindo ao outro en copia do correo enviado, porase en contacto con **TODOS** os profesores afectados indicando:
 - ▶ Os dous estudantes que solicitan o cambio de grupo:
“Somos TYRION e CERSEI...”
 - ▶ Os grupos que se intercambian:
“... estando ambos de acordo solicitamos o cambio entre os grupos A e B, onde TYRION pasaría ao grupo B e CERSEI ao grupo A.”
 3. **PASO 3.** Agardar a resposta do profesorado. O cambio será efectivo **SE E SÓ SE TODOS OS PROFESORES IMPLICADOS O ACEPTAN DENTRO DO PRAZO ESTABLECIDO.**
 4. **PASO 4.** Notificar aos profesores. Unha vez aceptado o cambio volverase a contactar cos profesores para confirmarlles o cambio: *“Somos TYRION e CERSEI, confirmamos que todos os profesores nos aceptaron o cambio solicitado.”*
- ▶ No caso de non aparecer nas listas de grupos, de dúbida ou de situacións excepcionais (debidamente acreditadas) contactar coa coordinadora de CDAV (p.comesanac@udc.es) ou CAV (ana.gneira@udc.es).
- ▶ Data límite para solicitar cambios de grupo: **venres 6/2/2026**